



## ACTIVIDADES 3.20

### EN FAMILIA

- A familia do conto visita unha exposición de arte e despois deciden converterse eles mesmos en artistas. Agora tocache a ti... deixa voar a túa imaxinación para facer obras de arte con cartón. Podemos facer calquer cousa que nos guste e empregando todo tipo de material, pintura, pegar papel, lentellas, paus etc non hai límites, so divertirse e pasalo ben. Aquí tedes algún exemplo.
- Imos xogar en familia, a un xogo moi famoso: o xogo dos bolos: consiste en colocar unha serie de botellas marcadas cada unha delas cun número do 1 ao 10. Os participantes deben colocarse a certa distancia e lanzar unha pelota cara as botellas para derrubar o maior número posible. Despois podemos contar cantas botellas derrubamos e que número ten cada unha delas. Incluso os máis maiores poden sumar os números de todas as botellas que derrubaron e contabilizar así os "puntos".